

ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DAS PROBAS SELECTIVAS**SEGUNDO EJERCICIO: PROBA DE COÑECEMENTOS
Praza/s: Persoal auxiliar administrativo**

Prazas núm.: 1

Plan/Programa/Convenio/Orde: AFD 2022/2023 (Expte. TR301K-2022/000038-1)

Fase: oposición, quenda libre

Expediente núm.: 2022/E001/000030

Asunto: a resolución da alegación e a puntuación definitiva do primeiro exercicio

O tribunal cualificador, en xuntanza do 02/02/2023, resolve a alegación formulada no tempo e na forma e a puntuación do **segundo exercicio; proba de coñecementos**.

1 A resolución da alegación formulada

Persoa aspirante	DNI/NIF	Rexistro de Entrada (RE)	Solicitud/Recurso/ Reclamación
Guzmán Vázquez, Manuel	***8956**	202399900000137 27/001/2023 202399900000138 27/001/2023 202399900000139 27/001/2023 202399900000140 27/001/2023	Recurso ás preguntas núm.: 36 e 37. Recurso ás preguntas núm.: 36 e 37. Reclamación ás preguntas núm.: 9, 13 e 14. Reclamación ás preguntas núm.: 9, 13 e 14.

Pregunta núm. 9	<i>Na pregunta 9 exponse "No suposto que o Estado transfira competencias propias a unha comunidade autónoma, na base do artigo 150.2º da Constitución": márcase como correcta a d) "Debe facelo por medio dunha lei ordinaria das Cortes Xerais"2. El Estado podrá transferir o delegar en las Comunidades Autónomas, mediante ley orgánica, facultades correspondientes a materia de titularidad estatal que por su propia naturaleza sean susceptibles de transferencia o delegación. La ley preverá en cada caso la correspondiente transferencia de medios financieros, así como las formas de control que se reserve el Estado." Polo tanto ningunha da respostas é válida xa que a correcta sería "Debe facelo por medio de Ley Orgánica".</i>
Pregunta núm. 13	<i>A responsabilidade non política dos Ministros na súa xestión é": Márcase como correcta a b) pero non aparece en ningún lado reflexado</i>
Pregunta núm. 14	<i>O prazo que ten El Rei para sancionar as leis das comunidades autónomas:" márcase como correcta a a) cando é a b. Segundo o establecido no art. 91 da Constitución.</i>
Pregunta núm. 36	<i>"A Lei de facendas locais é... A resposta correcta márcase como a D. Pero en realidade non é ningunha xa que está refundida no Real Decreto Legislativo 2/2004, aprobado nese mesmo ano.</i>
Pregunta núm. 37	<i>"Un ingreso que proceda do uso dun ben público pode ser considerado como:" A resposta correcta márcase a "B) Taxa". En realidade tal como se reflexa na Ley 8/1989, de 13 de abril, de Tasas y Precios públicos, no art.24 defínese Prezo Público como: "Tendrán la consideración de Precios Públicos las contraprestaciones pecunarias que se satisfagan por la prestación de servicios o realización de actividades efectuadas en régimen de Derecho Público, sean de solicitud voluntarias por parte de los administrados. No Art.6 defínese Taxa como: "Tasas son los tributos cuyo hecho imponible consiste en la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público, afecten o benefician de modo particular al obligado tributario, cuando los servicios o actividades no sean de solicitud o recepción voluntaria para los obligados tributarios o no se presten o realicen por el sector privado" Polo tanto defínese ao prezo público como a Taxa como ingresos polo uso dun ben público, só que a diferenza radica na obrigatoriedade ou non por parte do interesado.</i>

Cómpre destacar que as alegacións fórmulanse por duplicado exemplar.

Logo de ver que o Tribunal Cualificador reuniuse ese mesmo día para confeccionar o cuestionario/exame do segundo exercicio o que non permitiu contar co tempo suficiente para repasar o seu contido, polo que se presume



que poden existir erros de transcripción tanto nas preguntas coma na folia de respostas.

E de ver, examinar, verificar e comprobar o expediente así como o/s recurso/reclamación/alegación/s.

Logo de deliberar os membros do tribunal e no exercicio da súa discrecionalidade técnica, de ser o caso.

Impugnación/alegación/recursos/reclamacións pregunta núm.: 9, 13, 14, 36 e 37

Pregunta núm. 9

1. *No suposto que o Estado transfira competencias propias a unha comunidade autónoma, na base do artigo 150.2º da Constitución:*
- Resérvase a última decisión no exercicio de ditas competencias.
 - Pérdeas de cara o futuro.
 - Pode establecer mecanismos de control.
 - Debe facelo por medio dunha Lei ordinaria das Cortes Xerais.

Na folia de respostas consta como correcta a **d**.

Compróbase que a transcripción da resposta non corresponde coa correcta.

Consideracións legais e técnicas

- O artigo 150.1 da Constitución Española:

As Cortes Xerais, en materias de competencia estatal, podrán atribuir a todas ou a algunha das Comunidades Autónomas a facultade de ditar, para si mesmas, normas legislativas no marco dos principios, bases e directrices fixados por unha lei estatal. Sen prexuízo da competencia dos Tribunais, en cada lei marco establecerase a modalidade do control das Cortes Xerais sobre estas normas legislativas das Comunidades Autónomas.

- O artigo 150.2 da Constitución Española:

O Estado poderá transferir ou delegar nas Comunidades Autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materia de titularidade estatal que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación. A lei preverá en cada caso a correspondente transferencia de medios financeiros, así como as formas de control que se reserve o Estado.

- Na sinopse do artigo 150 da Constitución Española na páxina web do Congreso dos Deputados indícase:

O contido dos tres apartados deste precepto constitucional non é homoxéneo. Así, mentres os dous primeiros prevén senllas posibilidades de atribución de competencias ás Comunidades Autónomas á marxe dos seus Estatutos de Autonomía (xa sexa por medio de leis marco, xa sexa por medio de leis orgánicas de transferencia ou delegación), o terceiro permite ao Estado incidir no exercicio polas Comunidades Autónomas das súas competencias propias a través de leis de harmonización.

As actuais previsións sobre leis marco (art. 150.1 CE) e as leis de harmonización (art. 150.3CE) encadrábanse no Anteproxecto de Constitución na noción de lei de bases, hoxe recollida nos artigos 82 e 83 CE. En efecto, o artigo 139.2 do Anteproxecto prevía a posibilidade dunha delegación legislativa en favor dos Territorios autónomos por medio dunha lei de bases aprobada polas Cortes Xerais. En sentido inverso, o apartado 3 do citado artigo do Anteproxecto contemplaba "leis de bases para harmonizar". O antecedente das leis orgánicas de transferencia ou delegación (art. 150.2 CE) no Anteproxecto de Constitución achábase nos seus artigos 139.1 e 137. O primeiro deles reservaba á lei ordinaria a posibilidade de autorizar ás Comunidades Autónomas a xestión ou execución dos servizos relativos ás competencias estatais. O outro permitía que por lei ordinaria atribuíse ás Comunidades Autónomas facultades propias do Estado distintas das anteriores.

No Informe do Relatorio do Congreso as leis de delegación adquiren a condición de leis orgánicas. Tamén se introduce a previsión, que hoxe loce no artigo 150.2 CE, de que estas leis haberán de prever a correspondente transferencia de medios financeiros, así como as formas de control que se reserve o Estado.

De acordo con todo o indicado, o Tribunal Cualificador, por unanimidade, ACORDA:

1 Desestimar o recurso/reclamación/alegación a esta pregunta:

Motivo: as consideracións legais e técnicas indicadas arriba.

Resposta correcta: **c**.



Temario: temas 1, 2 e 3.

- 2 A corrección da folia respostas que indicará a correcta.
- 3 A corrección e revisión da puntuación de todo o persoal participante.
- 4 Publicar esta corrección na sede electrónica municipal.

Pregunta núm. 13

13.- A responsabilidade non política dos ministros na súa xestión é:

- a) Solidaria.
- b) Persoal e directa.
- c) Mancomunada.
- d) Inexistente

Na folia de respostas consta como correcta a **b**.

A pregunta refírese á responsabilidade non política polo que non é de aplicación os artigos 98 e 108 da Constitución Española que se refiren á responsabilidade directa dos ministros na súa xestión e que o Goberno, (composto polo presidente, vicepresidentes, de ser o caso, dos ministros e dos demais membros que estableza a Lei), responde solidariamente na súa xestión política ante o Congreso dos Deputados.

Consideracións legais e técnicas

- O artigo 14 da Constitución Española:

Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

De acordo con todo o indicado, o Tribunal Cualificador, por unanimidade, ACORDA:

Desestimar o recurso/reclamación/alegación a esta pregunta.

Motivo: as consideracións legais e técnicas indicadas arriba.

Resposta correcta: **b**.

Temario: temas 1 e 4.

Pregunta núm. 14

14.- O prazo que ten El Rei para sancionar as leis das comunidades autónomas:

- a) Non existe, ao non exercer esta competencia.
- b) 15 días desde a súa aprobación
- c) 20 días naturais.
- d) Depende de cando se lle presente a sancións

Na folia de respostas consta como correcta a **a**.

Consideracións legais e técnicas

- O artigo 91 da Constitución Española:

O Rei sancionará no prazo de quince días as leis aprobadas polas Cortes Xerais, e promulgaraas e ordenará a súa inmediata publicación.

- O artigo 13.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia:

As Leis de Galicia serán promulgadas en nome de El Rei polo presidente da Xunta e publicadas no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado. Para os efectos da súa entrada en vigor rexerá a data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

- Na sinopse do artigo 91 da Constitución Española na páxina web do Congreso dos Deputados indícase:

Outra cuestión que suscitou o interese da doutrina é a relativa á promulgación das leis autonómicas. A ausencia de previsión constitucional levou a que os diferentes Estatutos de Autonomía resolvan a cuestión en cada caso. Trátase do artigo 27.5 do Estatuto vasco; o artigo 65 do catalán; o artigo 13.2 do galego; o artigo 116 do andaluz; o artigo 31.2 do asturiano; o artigo 15.2 do de Cantabria; o artigo 21.1 do rioxano; o artigo 30.2 do murciano; o artigo 25.5 do valenciano; o artigo 45 do aragonés; o artigo 12.2 do de Castela-A Mancha; o artigo 12.8 do canario; o artigo 22 do navarro; o artigo 40 do estremeño; o artigo 48.2 do balear; o artigo 40.1 do madrileño; e o artigo 25.5 do de Castela e León.

En todos eles óptase por unha solución similar que obvia a referencia á sanción e atribúe a promulgación ao Presidente respectivo. Todos eles, salvo o vasco, inclúen unha referencia a que esta promulgación faise "en nome de El Rei". E en todos configúrase como unha facultade regrada que impide a existencia de ningún tipo de veto presidencial, aínda que a obrigación de promulgar sométese a un prazo de quince días tan só na maioría dos casos; posto que non se di nada nos Estatutos de Galicia, Cantabria, Castela-A Mancha, Canarias, Madrid e Castela e León.

De acordo con todo o indicado, o Tribunal Cualificador, por unanimidade, ACORDA:

Desestimar o recurso/reclamación/alegación a esta pregunta.

Motivo: as consideracións legais e técnicas indicadas arriba.

Resposta correcta: a.

Temario: temas 1, 2, 3 e 5.

Pregunta núm. 36

36.- A Lei de facendas locais é de:

- a) 1985.
- b) 1986.
- c) 1987.
- d) 1988.

Na folla de respostas consta como correcta a **d**.

Compróbase que a transcripción dunha das respostas non corresponde coa inicialmente prevista. Así onde di: 1987 debería dicir, 1988 e onde di 1988 debe dicir, 2004.

Consideracións legais e técnicas

- O Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, (en diante TRLRFL), (BOE núm. 59 do 09/03/2004), reseña:

Este real decreto lexislativo contén un artigo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, dúas disposicións adicionais: a primeira regula as remisións normativas aos textos derogados, e a segundo fai referencia á aplicación do réxime especial previsto no título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; tres disposicións transitorias que regulan, a participación das entidades locais nos tributos do Estado para exercicios anteriores ao 1 de xaneiro de 2004 e a aplicación das referencias ás novas Leis Xeral Tributaria e Xeneral Orzamentaria ata a súa entrada en vigor; unha disposición derogatoria que prevé a derogación da Lei 39/1988, do 28 de decembro, e da Lei 51/2002, do 27 de decembro, e unha disposición final de entrada en vigor

De acordo con todo o indicado, o Tribunal Cualificador, por unanimidade, ACORDA:

1 Estimar o recurso/reclamación/alegación a esta pregunta.

Motivo: ningunha das respostas é correcta.

2 Anular esta pregunta do exame inicial que se terá por non formulada.

3 Ao anularse esta pregunta, que non se terá en conta para a cualificación final, ocupará o seu lugar a pregunta de reserva núm. 41 (R1). Así mesmo, revisárase a cualificación final coa entrada desta pregunta reserva.

4 Publicar esta anulación da pregunta na sede electrónica municipal

Pregunta núm. 37

37.- Un ingreso que proceda do uso dun ben público pode ser considerado como:

- a) De dereito privado.
- b) Taxa.
- c) Prezo público.
- d) Operación de crédito.

Na folia de respostas consta como correcta a **b**.

Consideracións legais e técnicas

- O TRLRFL, establece na Sección 3, subsección, feito impositivo:

Artigo 20 Feito impositivo

1. As entidades locais, nos termos previstos nesta lei, poderán establecer taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, así como pola prestación de servizos públicos ou a realización de actividades administrativas de competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular aos suxeitos pasivos.

En todo caso, terán a consideración de taxas as prestacións patrimoniais que establezan as entidades locais por:

A) A **utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local**.

- O TRLRFL, establece no Capítulo II, tributos propios, Sección 1, taxas:

Artigo 57 Taxas

Os concellos poderán establecer e esixir taxas pola prestación de servizos ou a realización de actividades da súa competencia e pola **utilización privativa ou o aproveitamento especial dos bens do dominio público municipal**, segundo as normas contidas na sección 3.ª do capítulo III do título I desta lei.

- A Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos (BOE núm. 90 do 15/04/1989) establece Título II, taxas, capítulo primeiro, normas xerais:

Artigo 6. Concepto.

Taxas son os tributos cuxo feito impositivo **consiste na utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público**, a prestación de servizos ou a realización de actividades en réxime de dereito público que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular ao obrigado tributario, cando os servizos ou actividades non sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os obrigados tributarios ou non se presten ou realicen polo sector privado.

- A mesma Lei, no título III establece o concepto de prezos públicos:

Artigo 24. Concepto.

Terán a consideración de prezos públicos as contraprestacións pecuniarias que se satisfagan pola prestación de servizos ou a realización de actividades efectuadas en réxime de Dereito público cando, prestándose tamén tales servizos ou actividades polo sector privado, sexan de solicitude voluntaria por parte dos administrados.

De acordo con todo o indicado, o Tribunal Cualificador, por unanimidade, ACORDA:

Desestimar o recurso/reclamación/alegación a esta pregunta.

Motivo: as consideracións legais e técnicas indicadas arriba.

Resposta correcta: **b**.

Temario: temas 12 e 13.

2 Revisión da puntuación do segundo exercicio: proba de coñecementos

Logo de ver a resolución dos escritos de impugnación/reclamación/recurso realizados, cómpre a revisión da puntuación do segundo exercicio e do acordo deste órgano colexiado que se transcribe no punto anterior.

De acordo con todo o indicado, o Tribunal Cualificador, por unanimidade, ACORDA:

- 1.- Revisar a puntuación do segundo exercicio.
- 2.- A puntuación do segundo exercicio, logo da revisión, quedará deste xeito:

Identificación do persoal aspirante	DNI/NIF	Puntuación antes da revisión	Puntuación logo da revisión
Cristobalena Pinto, Beatriz	***8310**	3,75	4,00
Guzmán Vázquez, Manuel	***8956**	5,50	5,75
Rieiro Moledo, María Jesús	***6072**	6,75	7,00

O persoal aspirante que non acada o mínimo de cinco puntos queda excluído deste proceso.

3 Publicar a cualificación deste segundo exercicio da oposición na forma prevista nas bases da convocatoria que rexe nas probas selectivas.

3 Recursos

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a alcaldesa alcalde do Concello de Santa Comba, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á da notificación, todo iso de conformidade co disposto nos artigos 121 e seguinte da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugares de presentación do recurso de alzada:

- Presencial: na Praza do Concello, 1. 15841 Santa Comba, A Coruña.
- Na sede electrónica municipal (<https://sede.santacomba.es/opencms/es/>)
- Nos rexistros físicos de calquera órgano da administración xeral do Estado, de órganos das administracións das comunidades autónomas e de entidades que integran a administración local.
- No rexistro electrónico de calquera órgano administrativo que pertenza á administración xeral do Estado, ás administracións das comunidades autónomas, ás entidades que integran a administración local ou ao sector público institucional
- Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.
- Nas oficinas de asistencia
- Nas oficinas de Correos.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O secretario do tribunal

Evaristo Lois Rama
(Documento que se asina electronicamente)